EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 1)

1. Cal foi o principal logro e o déficit máis importante do evolucionismo darwiniano?

2. Por que se chama "sintética" á actual teoría da evolución?

3. Aclara a diferenza entre filoxénese e ontoxénese.

4. Diferenza entre proceso de hominización e proceso de humanización.

5. Que se entende por “neotenia” e que importancia puido ter na filoxénese da especie humana?

6. Dende a filoxénese, cal é a definición naturalista ou taxonómica do home?

7. Cales foron as causas da desaparición do Homo sapiens ou Neanderthal?

8. Diferenza entre condutas instintivas e condutas culturais.

9. Explica que se entende e que consecuencias negativas presentan o *etnocentrismo* e o *relativismo cultural*.

10. Compara a concepción da natureza humana de Platón é Aristóteles: coincidencia e diferenzas.

Solucións

1. O grande acerto de Darwin foi o descubrimento do principio universal da *selección natural* como mecanismo explicativo da evolución das especies. Pero o seu principal déficit foi o descoñecemento dos mecanismos que producen a diversidade xenética dentro das especies, por ignorar as leis xenéticas da herdanza (descubertas polo seu coetáneo Mendel).

2. Chámase así por dúas razóns: porque non recorre a un só mecanismo, como a selección natural, para explicar a evolución biolóxica das especies, senón que a explica pola conxunción ou síntese de varios mecanismos (as mutacións, a selección natural e a xenética de poboacións, etc.), e porque moitas das explicacións ao problema da evolución viñeron pola interdisciplinaridade de varias ciencias biolóxicas: Xenética, Sistemática ou Historia natural, Anatomía comparada, Bioloxía molecular e Paleontoloxía.

3. A *filoxénese* é a xénese ou historia evolutiva dunha especie (ou phylum) determinada dende os seus ancestros primitivos. Contraponse á *ontoxénese*, que se refire á evolución dun individuo dunha especie dende o seu inicial estado embrionario até a súa plenitude e madurez.

4. Na antropoxénese ou filoxénese da especie humana poden distinguirse dous procesos complementarios denominados respectivamente hominización e humanización. O proceso de hominización, de carácter biolóxico, inclúe as transformacións biolóxicas (anatómicas e fisiolóxicas) que deron lugar á aparición da especie humana a partir da orde dos primates hominoideos. O proceso de humanización, de carácter social e cultural, inclúe as transformacións psicolóxicas e de comportamento, que cambiaron o estilo de vida da especie, e que son consideradas características da humanidade. Os dous procesos interactúan na constitución biosocial da especie.

5. Por "neotenia" enténdese o carácter xuvenil (fetal ou embrionario) dos individuos adultos dunha especie (neste caso a especie humana comparada con outras especies de simios); isto é, a conservación ao longo da súa vida de características que noutras especies próximas só se dan nos individuos xoves. A súa importancia reside na maior plasticidade e, polo tanto na maior capacidade de aprendizaxe, que é a base biolóxica da cultura.

6. Dende o punto de vista taxonómico o home é un ser vivo que pertence ao reino animal, ao tipo dos cordado (con espiña dorsal), á clase dos mamíferos, á orde dos primates, como todos os monos, e á infraorde dos hominaideos ou antropomorfos, e á familia dos homínidos.
   Dentro da familia dos homínidos, á súa vez, déronse dous xéneros: os australopitecos ou monos do sur e o xénero homo. No xénero homo déronse cinco especies: o Homo habilis, o Homo erectus, o Homo antecessor, o Homo sapiens e o Homo sapiens sapiens. Este último é o home actual.

7. As causas da súa desaparición son un misterio, aínda sen resolver. Os últimos vestixios dos neanderthales atópanse nos fértiles vales e as grandes zonas boscosas do Norte de Francia. Viviron nunha época de glaciación dura e esixente (glaciación de Würm)... Coincidiron co home actual, polo que tiveron que loitar pola supervivencia cun competidor directo (h. de Cromagnon) dotado de mellores aptitudes para a supervivencia. Sábese, polos restos antropolóxicos, que en ocasións foron expulsados ou exterminados violentamente.

8. As condutas instintivas características dunha especie, son pautas fixas de acción programadas xeneticamente, comúns a todos os membros da mesma, e pouco modificables pola experiencia. As pautas culturais, pola contra, son transmitidas por aprendizaxe social entre os membros dunha comunidade. A cultura é compartida por membros dun grupo social, pero sen ningún tipo de programación xenética, só por transmisión social duns a outros.

9. O *etnocentrismo* é a actitude consistente en considerar a propia cultura como a única adecuada e, polo tanto, superior a todas as demais. Adoita xerar como consecuencia o desprezo doutras culturas consideradas inferiores, "bárbaras" ou salvaxes, base do racismo e a xenofobia.
   O *relativismo cultural* sostén que todas as culturas son igualmente válidas, funcionais, dignas e aceptables. Non hai culturas superiores nin inferiores,

polo que han de respectarse todas as tradicións culturais. Pero o problema do relativismo cultural extremo, aparte de sacralizar as tradicións dificultando a súa crítica e evolución, consiste en considerar que todos os trazos dunha cultura son igualmente imponderables e, polo tanto incapaces de ser avaliados e criticados dende fóra dela…pero hai trazos culturais que non só son avaliables senón que deben ser criticados e repudiados por ser contrarios aos dereitos humanos máis elementais e atentar contra a dignidade e respecto das persoas.

10. Tanto Platón como Aristóteles coinciden en opoñerse ao relativismo cultural dos sofistas, e en considerar a *racionalidade* como esencia ou natureza especificamente humana, e polo tanto, característica distintiva, común e universal dos humanos fronte aos demais animais, capaz de descubrir verdades e valores universais, por encima da diversidade cultural.
    Pero, o extremo dualismo platónico considera que a alma racional é de natureza divina (sobrenatural), e que está aprisionada nun corpo animal, ao que ha de controlar e do que aspira liberarse.
    Mentres que Aristóteles ten una concepción biolóxica naturalista, polo que para el a racionalidade non é unha capacidade totalmente allea ou sobreposta á súa natureza biolóxica humana, senón que forma parte dela e a configura: a alma racional humana é a *forma* específica da vida dos humanos.